

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

19702 *Lei orgánica 9/2010, do 22 de decembro, pola que se autoriza a ratificación por España do Protocolo polo que se modifica o Protocolo sobre as disposicións transitorias, anexo ao Tratado da Unión Europea, ao Tratado de funcionamento da Unión Europea e ao Tratado constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica, asinado en Bruxelas o 23 de xuño de 2010.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A serodia entrada en vigor do Tratado de Lisboa determinou que as eleccións ao Parlamento Europeo de xuño de 2009 se celebrasen aínda baixo a vixencia da versión anterior dos tratados comunitarios. De acordo con ela, elixíronse 736 deputados, 50 deles en España. No entanto, os termos incluídos no Tratado de Lisboa e os acordos políticos xa atinxidos para o seu desenvolvemento terían determinado a elección de 751 deputados, 54 deles en España. Esta composición forma parte dun delicado equilibrio entre os pesos institucionais respectivos dos Estados membros.

Coa entrada en vigor do Tratado de Lisboa no 1 de decembro de 2009 este equilibrio tornouse defectuoso, ao teren entrado en vigor outros elementos do Tratado e non este. Por isto e a pedimento de España, o Consello Europeo acordou facer o necesario para a máis rápida corrección desta situación coa incorporación ao Parlamento Europeo dos 18 novos deputados que terían sido elixidos de acordo coas normas do Tratado de Lisboa.

Para lograr este obxectivo e á vista do texto do artigo 14.2 do Tratado da Unión Europea (en diante TUE), facíase claramente necesaria unha modificación, sequera temporal, daquel. Considerouse que a fórmula máis adecuada era a reforma do Protocolo 36 de medidas transitorias, de maneira que agora se prevexa a situación para o resto da actual lexislatura 2009-2014. Esta reforma requiriu o respecto dos procedementos de reforma dos tratados, establecidos no artigo 48 TUE.

Unha vez cumpridos os requisitos do citado artigo, a Presidencia española do Consello procedeu a convocar unha conferencia intergubernamental no 23 de xuño de 2010, que deu a súa aprobación formal ao protocolo de modificación e procedeu á súa inmediata sinatura.

É do interese de España que entre en vigor o máis axiña posible esta modificación para permitir que se incorporen ao Parlamento Europeo os catro novos deputados españois, o número maior de entre os 12 Estados membros afectados. O Real decreto de convocatoria das eleccións de 2009 xa prevía o procedemento de selección destes catro novos deputados, por referencia aos resultados desas eleccións.

Artigo único. *Autorización da ratificación.*

Autorízase a ratificación por España do Protocolo polo que se modifica o Protocolo sobre as disposicións transitorias, anexo ao Tratado da Unión Europea, ao Tratado de funcionamento da Unión Europea e ao Tratado constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica, asinado en Bruxelas o 23 de xuño de 2010.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto, mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 22 de decembro de 2010.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO